



**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DIA DEZANOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL ONCE**

ASISTENTES

ALCALDE-PRESIDENTE

D.Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS

- D^a. María Loureiro García (PS de G-PSOE)
- D. Jesús Antonio Fernández Cal, (PS de G-PSOE)
- D^a. M^a.Isabel Rodríguez López, (PS de G-PSOE)
- D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, (PS de G-PSOE)
- D^a. Covadonga Viamonte Aguiar,(PS de G-PSOE)
- D. César Aja Mariño, (P.P.)
- D. Jaime Eduardo de Olano Vela, (P.P.)
- D^a. M^a.del Carmen Gueimunde Gonzalez, (P.P.)
- D^a. Cándida Mendez Salgado, (P.P.)
- D. Celestino Valentín García Paz, (P.P.)
- D. Antonio José Bouza Rodil, (P.P.)
- D. Bernardo José Fraga Galdo (BNG)
- D. Manuel Galdo Dopico (B.N.G.)
- D. Guillermo Leal Arias (IVI)
- D. Jesús Fernández Fernández, (IVI)

NON ASISTE:

D^a. Olaia Casas Chaves do (BNG)

SECRETARIA ACCIDENTAL

D^a.Fátima Moar Rivera

INTERVENTOR

D.Fidel García Martúl

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as dez horas e trinta minutos do día dezanove de setembro de dous mil once, baixo a Presidente do Sr.Alcalde, D.Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da Secretaria Accidental, D^a. Fátima Moar Rivera, que substitúe, e coa asistencia do Sr.Interventor, D.Fidel García Martúl, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria e con un único punto da Orde do día:



“PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A ADOPCIÓN DE ACORDO RELATIVO Á RENUNCIA OU CONSENTIMENTO DA POSPOSICION DA CONDICION RESOLUTORIA PACTADA NA ESCRITURA DE COMPRAVENDA DE TERREOS A ELECTROMECÁNICAS DE VIVEIRO SA A FAVOR DO CONCELLO DE VIVEIRO.”

Dáse conta da proposta da Alcaldía ao Pleno extraordinario que se transcribe de seguido:

“Posposición da condición resolutoria a favor de entidades bancarias, ao obxecto de que Electromecánicos poida obter créditos con garantía hipotecaria sobre a súa finca.

A entidade Electromecánicos de Viveiro SA plantexa a necesidade de obter créditos con garantía hipotecaria sobre a finca antes referida. Para isto, as entidades bancarias, dado que a finca que se vai a hipotecar está gravada cunha condición resolutoria a favor do Concello de Viveiro, esixirán con toda probabilidade, que o beneficiario de dita condición (o Concello de Viveiro) consinta a posposición da condición resolutoria a favor da entidade bancaria en cuxo favor se grave a finca con hipoteca en garantía de préstamo.

Deberá terse en conta que o Concello, ao consentir esta posposición, pasa a ter peor condición que o banco a favor do cal pospón o seu dereito. E dicir, que o banco terá preferencia sobre a finca para o cobro do seu crédito, antes que o Concello para o cobro do seu.

Esta constitución de hipoteca, e o conseguinte consentimento que preste, no seu caso, o Concello, deberá efectuarse despois de ter segregado e cedido a Xestur Lugo as porcións de terreo a que se facía referencia no apartado anterior, ao obxecto de evitar que ditas porcións estean gravadas con hipoteca, o que se arrastraría a todo o parque empresarial. Por tanto, antes de constituir ningunha carga sobre a finca, Electromecánicos deberá ceder a Xestur as porcións de terreo citadas, previa segregación das mesmas, e cancelando o Concello de Viveiro a condición resolutoria que recae sobre ditas porcións, na mesma escritura de cesión.

En consecuencia, propónse ao Pleno do Concello de Viveiro a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: o Pleno do Concello de Viveiro acorda autorizar a posposición da condición resolutoria pactada a favor do Concello de Viveiro na escritura de venda e agrupación de parcelas efectuada polo Concello de Viveiro a favor da entidade Electromecánicos de Viveiro SA, outorgada ante o Notario de Viveiro, D. Jorge Sánchez Carballo o 30 de decembro de 1996, baixo o número 1182 do seu protocolo, que deu lugar, despois da agrupación, á finca inscrita no Rexistro de Viveiro, ao Tomo782, Libro 306, Folio 152, Finca 31.411.0; autorizando a posposición de dita condición resolutoria a favor das entidades



bancarias Banco Popular, La Caixa, Novacaixagalicia, Banco Gallego, Banco Santander, Central Hispano e Caja Madrid, con motivo das hipotecas a constituir, unha garantía de préstamos ata un máximo de 1.500.000 euros, e outra hipoteca de máximos para garantir a tódalas entidades antes mencionadas, o bon fin do papel comercial descontado ata un máximo de 2.500.000 euros, ambas dúas a favor de Electromecánicos Viveiro SA.

SEGUNDO: O Pleno do Concello de Viveiro faculta ao Alcalde para comparecer, en nome e representación do Concello de Viveiro, na escritura pública na que Electromecánicos de Viveiro SA constitúa as hipotecas sobrea finca antes referida, a favor das entidades bancarias Banco Popular, La Caixa, Novacaixagalicia, Banco Gallego, Banco Santander Central Hispano e Caja Madrid, en garantía de préstamos e en garantía do bo fin do papel comercial descontado, e prestar o seu consentimento para a posposición da condición resolutoria sobre as mesmas a favor das entidades bancaria antes referidas e respecto das hipotecas antes citadas, e consentindo que dita posposición se faga constar no Rexistro da Propiedade.

TERCEIRO.- o Pleno do Concello de Viveiro esixe as seguintes garantías:

1º.- O compromiso a empresa de aboar no vindeiro mes de outubro o pago ao Concello de mil euros ao mes ata o ano 2026.

2º.- Hipoteca mobiliaria sobre maquinaria industrial de titularidad da sociedade compradora. Os vehículos e maquinaria industrial a hipotecar deberá selo na cantidade necesaria para que o seu valor estimado en 2026 sexa equivalente ao prezo da compra

3º,- Un Plan de viabilidade de negocio.

Dase conta do Informe xurídico que se transcribe de seguido:

INFORME XURIDICO DO SERVIZO DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Polo señor Alcalde do concello de Viveiro solicítase informe xurídico en relación á solicitude presentada pola mercantil ELECTROMECAÑICOS VIVEIRO SA, , do 13 de xullo de 2011, pola que, entre outros extremos, se solicita a posposición da condición resolutoria a favor de entidades bancaria, ao obxecto de que a citada sociedade poida obter créditos con garantía hipotecaria sobre a finca adquirida no seu día ao Concello e sobre a viabilidade xurídica de aceptar o petitionado pola parte compradora establecendo un plan de pagos que modifique os termos do aprazamento de pago do prezo pactado, no sentido de que ELECTROMECAÑICOS VIVEIRO SA, veña obrigada a aboar o prezo en quince anualidades sucesivas, de igual contía, entre 2011 a 2026.



Da documentación achegada polo Concello de Viveiro, resultan os seguintes

ANTECEDENTES

1.- O Pleno do Concello en sesión celebrada o día 23 de xullo de 1996 aprobou o prego de condicións económico-administrativas particulares para o alleamento, mediante procedemento aberto e baixo a forma de concurso, de terreos en Landrve. Terreos adquiridos no seu día polo Concello ao obxecto de facilitar a implantación de proxectos industriais que desenvolveran actividades novedosas en relación coas existentes no municipio.

No citado prego establecíase como prezo de licitación o de 32.412.861 pesetas, IVE incluído, "pagadeiras nun prazo trinta anos".

No prego aprobado fixébanse como criterios de adxudicación o da oferta económica ou prezo e a memoria económico-financieira. No prego non se estableceu ningunha cláusula de cautela ou garantía do cumprimento da obriga de pago do prezo ofertado, tampouco se observa ningunha cláusula penal para os supostos de incumprimento dos compromisos asumidos polo licitador-comprador.

A licitación, polo que fai referencia as obrigas e garantías a prestar polos oferentes, convocouse mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, nos termos do prego.

2.- O pleno do Concello en sesión do 27 de setembro de 1996, resolve o concurso adxudicando á mercantil ELECTROMECÁNICOS VIVEIRO SA, único licitador presentado. Na deliberación do asunto, segundo se fai constar no particular da acta achegado, polo señor Alcalde-presidente dise que na escritura de compravenda "...especificarase claramente que a falta de pago determinará a reversión dos terreos e do que sobre eles se constrúa a favor do Concello...."

3.- Con data 30 de decembro de 1996 outorgase a correspondente escritura de compraventa na que se estipula:

Que o prezo queda aprazado e será abonado antes do día 31 de decembro de 2026.

Condición resolutoria.- A falta de pago do prezo convido no prazo sinalado, dará lugar de pleno dereito, a resolución da venda, con perda para a parte compradora da totalidade das cantidades abonadas; nembargantes para que teña lugar a resolución será preciso que a parte vendedora requira fehacientemente de pago á compradora por acta notarial, con concesión dun



novo prazo de quince días, transcurrido o que, se non consta o pago na mesma acta, entenderase resolta a compraventa, se ben a parte compradora, poderá retirar toda a maquinaria e instalacións, susceptibles de ser desmontadas.

4.- Pola sociedade compradora solicítase do Concello a adopción do acordo plenario polo que:

“O Pleno do Concello de Viveiro acorda autorizar a posposición da condición resolutoia pactada a favor do Concelo de Viveiro a favor da entidade Electromecánicos Viveiro SA, outorgada diante o notario de Viveiro, D.Jorge Sánchez Carballo o 30 de decembro de 1996....; autorizando a posposición da dita condición resolutoria a favor das entidades bancarias Banco Popular, La Caixa, Novacaixagalicia, Banco Gallego, Banco Santander Central Hispano, e Caja Madrid, con motivo de las hipotecas a constituir....”

CONSIDERACIONES XURIDICAS

PRIMEIRA.- EN RELACION Á CONDICION RESOLUTORIA

A condición resolutoria establecida e cuida posposición se pretende, constitúe unha garantía para o concello vendedor con pago aprazado, e máis neste caso onde o aprazamento se fai por 30 anos, para asegurarse o efectivo cumprimento da obriga principal do comprador que non é outra que a do pago do prezo pactado, xa que no suposto de incumprirse a finca revertiría ao municipio nos termos pactados na escritura de compravenda..

En efecto, á beira da hipoteca, a chamada condición resolutoria ou pacto de lex commisoria do art. 1.504 C.C. é o medio de garantía máis usualmente pactado nas vendas de bens inmobles en que o prezo queda aprazado.

A función máis importante desta clausula é a de garantir a posesión do comprador nas vendas de inmobles nas que o prezo se apraza.. Así, na que podiamos denominar fase preventiva da garantía, a función que a condición resolutoria desempeña é moi similar á da hipoteca. Con todo, as cousas non son así na chamada fase executiva: mentres a hipoteca tutela o interese do vendedor ao cobro do prezo aprazado tamén cando entra en execución (a través da súa función de realización do valor), a condición resolutoria, na súa fase executiva pon de manifesto a frustración do fin negocial, xa que a súa consecuencia é a devolución das prestacións obxecto do negocio e a consecuente recuperación polo vendedor da leira que había alleado.

SEGUNDA. POSPOSICION DA CONDICION A HIPOTECA FUTURA

Antes de nada debemos analizar a viabilidade xurídica da posposición que se pretende, entre outras razóns, porque non sempre foi pacífica a consideración



dos efectos reais dunha facultade de resolución potestativa do vendedor. Nembargantes, o feito de que tal facultade Resolutoria adquira eficacia erga omnes pola inscrición rexistral, a xurisprudencia ven amparando de forma pétreua que se dea o meso tratamento á condición resolutoria que a hipoteca en sede de reserva de rango, ao menos cando se trate de posponer a condición resolutoria pactada na compraventa á hipoteca futura que pretende concertar o comprador de Forma que esta goce de prioridade respecto á facultade resolutoria.

Nesta orde de cousas decir que a Dircción Xeral do Rexistro e do Notariado admite definitivamente esta posibilidade desde a súa resolución do 25 de outubro de 1979, ao permitir a extensión da aplicación do previsto polo artigo 241 do Rgulamnto Hipotecario, previsto para a posposición entre hipotecas, á condición resolutoria posposta, dada a indentidade de razón que se aprecia entre ámbalasdúas.

Consecuentemente, hoxe a posposición da condición resolutoria a hipoteca futura no ten óbice xurídico algún, sempre que se faga nas condicións e requisitos do artigo 241 do Regulamento Hipotecario.

Agora ben, que non exista óbice xurídico non quere decir que a posposición pretendida polo comprador sexa "inócua" dende o punto de vista da posición xurídica do concello no contrato de compraventa, e por extensión, dende o punto de vista do interés xeral que neste caso, non é outro que garantizarse o abono do prezo aprazado, se ben é verdade que, dos antecedentes analizados, queda clara que nesta operación patrimonial a finalidade última perseguida polo Concello era a creación de actividade industrial e o conseguente emprego no municipio.

Finalidade que hoxe sigue constituindo a causa e xustificación da proposta da Alcaldía.

A posposición que se pretende pola parte compradora a favor ds bancos antes referenciados para viabilizar a apertura de determinadas liñas de credito con garantía hipotecaria sobre a finca, supón situar ao Concello de Viveiro nunha posición xurídica extremadamente débil fronte a posibles insolvencias de ELECTROMECAÑICOS VIVEIRO SA, particularmente neste caso, dado o importe da débeda principal que se pretende garantir coa hipoteca da finca, por iso entendemos que é necesario que para autorizala deben instrumentarse inexcusablemente fórmulas de garantías axeitadas. Garantías que no noso entender deberían constituirse mediante os seguintes instrumentos, e coa seguinte orde de preferencia:

1º.- Aval bancario por importe igual ao prezo aprazado.



2º.-Hipoteca mobiliaria sobre maquinaria industrial e vehículos propiedade da sociedade compradora os termos regulados pola Lei 46/1954, do 16 de decembro, sobre hipoteca mobiliaria e prenda sen desprazamento.

3º.-Prenda sen desprazamento sobre créditos presentes e futuros e sobre máquinas.

Finalmente dicir, que ao non figurar no prego de condicións económico administrativas particulares nin no anuncio de licitación a condición resolutoria que se pretende posponer, entendo que este acto non altera as condicións da licitación é polo tanto non supón ningún fraude na contratación no seu día realizada, neste caso, a maior abundamento, só houbo un único licitador.

CONCLUSIÓN

Primeira.- A posposición da condición resolutoria da compravenda obxecto deste informe é xuridicamente viable.

Segunda.- O acordo que no seu caso adopte o Concello deberá fundamentarse con base nos intereses xerais ligados ao mantemento da actividade industrial e dos postos de traballo no municipio, neste sentido debería aportarse pola parte compradora o plan de negocio e de emprego asociado aos préstamos que se pretenden garantir coa hipoteca da finca.

Terceira.- Así mesmo, o Concello debería esixir a prestación de garantías suficiengtes do plan de pagos aprazados do prezo.

As garantías a instrumentar poderían consistir en algunha das seguintes sinaldas por orde de preferencia:

1ª.- Aval bancario polo importe total do prazo da compravenda

2ª.- Hipoteca mobiliaria sobre vehículos e maquinaria industrial de titularidade da sociedade compradora. Os vehículos e maquinaria industrial a hipotecar deberá selo na cantidade necesaria para que o seu valor estimado en 2026 sexa equivalente ao prezo da compra.

3ª.- Prenda sen desprazamento sobre créditos presentes e futuros e sobre máquinas

En todo caso, deberían adoptarse as seguintes cautelas a recoller no acordo plenario e nas pólizas ou escrituras públicas nas que se formalice a garantía acordada:

a.-O incumprimento do pago parcial (importe do pago anual establecido) facultará ao concello para reclamar a totalidade da débeda e para executar a garantía prestada, constituindo ao comprador en mora pola totalidade do prezo



pendente de abono nesa data e xenerará a obriga de pago de interés moratorio en cuantía igual ao interese legal do diñeiro vixente.

A constitución en mora non esixe intimación ao comprador-debedr e bastará o certificado ao respecto expedido polo secretario/a do Concello logo do informe de tesorería.

A execución da garantía nos supostos de hipoteca mobiliaria ou prenda sen desprazamento levarase a cabo nos termos da Lei 46/1954, do 16 de decembro, sobre hipoteca mobiliaria e prenda son desprazamento, mediante procedemento estraxudicial ou xudicial.

No suposto de garantía prestada mediante aval bancario este será executable mediante simple requerimento ao efecto por parte do Concello a entidade bancaria avalista.

b.- Clausula Penal: Executada a garantía, o concello non virá obrigado á devolución dos pagos parciais realizados pola parte compradora que se considerarán definitivamente integrados no patrimonio municipal.

É canto se informa ao señor Alcalde-presidente do concello de Viveiro, quen cos demais informes que considere oportuno solicitar e o seu superior criterio, decidirá.-Lugo,9 de setembro de 2011.-O Secretario-Interventor asesor-Fdº:Manuel Castiñeira Castiñeira.”

Obra igualmente no expediente informe de Intervención

Iníciase a deliberación

Comeza intervindo o Sr.Alcalde, e explica que na anterior sesión plenaria acordouse solicitar un informe xurídico a os servizos de cooperación e asistencia ós municipios da Deputación para buscar garantías suficientes e ordes de prioridades e tamén foi remitido ós voceiros xunto cun dossier para estudar a viabilidade da petición da empresa Electromecánicos e na xunta de voceiros celebrada o día dezaseis de setembro deuse conta da proposta da Alcaldía e a intención da empresa Electromecánicos quén plantexa un pago anual de 12.000 €uros, é dicir, mil euros ao mes, (1.000 €uros/mes) e como garantía poñer as máquinas da referida empresa como aval; así como a presentación dun plan de viabilidade de negocio.

Tamén dí o Sr.Alcalde, que xa sabe que se están a arriscar por manter os postos de traballo, pero non se pode deixar desaparecer unha empresa que pode reflotar.

Continúa o turno de intervención facendo uso da palabra o Sr. Aja Mariño, Concelleiro do Grupo Municipal Popular, que dí que o seu Grupo vota de menos



un estudo de viabilidade da empresa para garantir que eses 57 postos de traballo vaian a continuar existindo, e das tres opcións que se presentan, inclínase pola presentación dun aval bancario, xa que vemos que tampouco consta ningunha relación de maquinaria e, polo tanto, non hai garantía de recuperar os cartos se non paga a empresa. Hai que buscar solucións alternativas para que a Empresa Electromecánicos Viveiro garantice ao Concello que vai recuperar os cartos. Estamos a ver que, das opcións que se pretenden, o noso Grupo vaise inclinar pola presentación de aval, e que se esixa polo importe total da débeda ao Concello.

Continú dicindo, o Sr. Aja Mariño, que outra posibilidade é pagar ese diñeiro e así xa non se tería ningunha relación coa empresa Electromecánicos e faríamos "borrón e conta nova".... Ademais hai que contar que hoxe 30.000.000 millón das antigas pesetas., non son cartos.... Si pensamos na "revalorización da finca" e nas cantidades que estamos a falar eiquí. Deste xeito, extinguiríase a condición resolutoria nun soio acto. Seguidamente ven en solicitar que é convinte neste intre haxa un receso, para diría incluso, buscar outras alternativas de igual rango e coa mesma preferencia e poder negociar o pago da débeda que mantén Electromecánicos de Viveiro co Concello xa que estamos ante Fondos Públicos.

Intervén de seguido o Sr. Bernardo José Fraga Galdo, tenente de Alcalde do Grupo municipal do BNG e dí que recoñece que o Concello vai quedar en inferioridade aínda que pretendamos estudar mais posibilidades e a condición de presentar un aval bancario é "imposible" por iso noso Grupo do BNG vai optar pola proposta da Alcaldía e pola hipoteca mobiliaria e vámola admitir como valor que se presenta como aval: Nos vamos votar a favor da proposta da Alcaldía e tamén temos coñecemento de que hai un plan de viabilidade e temos que axudar para manter eses postos de traballo polo que imos facer fincapé na protección dos postos de traballo colléndoo como base do acordo plenario, aínda que de todos é sabido que a empresa Electromecánicos Viveiro tivo todos estes anos un solar gratuito e non pagou nada ao Concello. Remata dicindo que neste intre, vamos actuar con boa vontade e coller a hipoteca mobiliaria, valor que presentan como aval

Seguidamente fai uso da palabra o Sr. Guillermo Leal, Concelleiro do Grupo Municipal Independentes de Viveiro, dicindo que o seu Grupo é partidario da presentación dun aval bancario polo importe da débeda e que ao igual que o Grupo do Partido Popular, esta de acordo en que se faiga un receso para buscar solucións e mirar a mellor maneira de aboar a débeda ao Concello. Nos, non vemos onde está esa garantía de cobrar os 32.000.000 millóns das antigas pesetas polo que temos que partir da boa fé, xa que garantías ningunha. Nos estamos a pensar que o Concello en ningún caso pode renunciar ou pospoñer a súa garantía dándolle prioridade ós bancos e todo iso pola contraprestación dos postos de traballo e teño que preguntar...¿ onde



está esa garantía?...Dí, o Bloque, que hai un plan de viabilidade....pero, Nos, no no vemos eiquí polo que haberá que partir da boa fé aínda que o banco non se fía...pero o qu se ve e que nosoutros como Corporación municipal non estamos a velar polos intereses do Concello e isto lévanos a que se produza menoscabo dos Fondos públicos e de un agravios comparativos con respecto a outras empresas que están a pasar tamén situacións críticas.

Polo Sr.Alcalde manifestase que hai que ter unha sensibilidade para manter os postos de traballo, ademais en todos estes anos non aparece a cláusula no prego de condicións de garantía de pago, nin tampouco na redacción do acordo. Entendemos que antes había mais sensibilidade pola creación dos postos de traballo que se está a demostrar agora eiquí, pero tampouco se tivo en conta que o prazo de pago, superior a catro anos, era ilegal. Os feitos foron que se entregou a finca sin acordo de garantía e tamen no custo da finca ocultouse os servizos que se lle diron de auga, entronque e dotación de electricidade. Agora non se amosa esa sensibilidade de antes para que eses postos sigan adiante e remata dicindo nosoutros vamos a respaldalo. Tivemos contacto cos Grupos xa antes do mes de xuño, tivemos conversacións coa empresa e o propoñente admitiu un pago anual de 12.000 €uros, como garantía un aval de maquinaria, e finalmente vai presentar un plan de negocio. Asumiremos a responsabilidade os que votemos a favor de este acordo con estas tres condicións.

De seguido, pásase á votación e por oito votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais PSdG-PSOE e BNG) e seis (6) abstencións dos membros dos Grupos municipais do PP e dous (2) votos en contra do IVI), acordase por maioría:

PRIMEIRO.- Autorizar a posposición da condición resolutoria pactada a favor do Concello de Viveiro na escritura de venda e agrupación de parcelas efectuada polo Concello de Viveiro a favor da entidade Electromecánicos de Viveiro ,SA, outorgada ante o Notario de Viveiro, D. Jorge Sánchez Carballo o 30 de decembro de 1996, baixo o número 1182 do seu protocolo, que deu lugar, despois da agrupación, á finca inscrita no Rexistro de Viveiro, ao Tomo782, Libro 306, Folio 152, Finca 31.411.0; autorizando a posposición de dita condición resolutoria a favor das entidades bancarias Banco Popular, La Caixa, Novacaixagalicia, Banco Gallego, Banco Santander, Central Hispano e Caja Madrid, con motivo das hipotecas a constituir, unha garantía de préstamos ata un máximo de 1.500.000 euros, e outra hipoteca de máximos para garantir a tódalas entidades antes mencionadas, o bon fin do papel comercial descontado ata un máximo de 2.500.000 euros, ambas dúas a favor de Electromecánicos Viveiro SA.

SEGUNDO: Facultar ao Alcalde para comparecer, en nome e representación do Concello de Viveiro, na escritura pública na que Electromecánicos de Viveiro SA



constitúa as hipotecas sobre a finca antes referida, a favor das entidades bancarias Banco Popular, La Caixa, Novacaixagalicia, Banco Gallego, Banco Santander Central Hispano e Caja Madrid, en garantía de préstamos e en garantía do bo fin do papel comercial descontado, e prestar o seu consentimento para a posposición da condición resolutoria sobre as mesmas a favor das entidades bancaria antes referidas e respecto das hipotecas antes citadas, e consentindo que dita posposición se faga constar no Rexistro da Propiedade.

TERCEIRO.- Esixir os seguintes compromisos e garantías:

1º.- O compromiso á empresa de aboar no vindeiro mes de outubro o pago ao Concello de mil euros ao mes ata o ano 2026, a fin de aboar o importe completo do prezo de licitación fixado en 32.412.862 pesetas no ano 1996, sendo na actualidade equivalente a 194.805,22,-€uros.

2º.- Hipoteca mobiliaria sobre maquinaria industrial de titularidad da sociedade compradora. Os vehículos e maquinaria industrial a hipotecar deberá selo na cantidade necesaria para que o seu valor estimado en 2026 sexa equivalente ao prezo da compra

3º,- Un Plan de viabilidade de negocio."

E non habendo mais asuntos de que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión sendo as doce horas do día con que se encabeza esta acta, extendéndose a presente por quintuplicado exemplar, que asinan os asistentes do que, eu, Secretaria Acctal, dou fé".

Vº. Bº
O ALCALDE

SECRETARIO ACCTAL